landra

Revista informativa da Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

OUTUBRO 2003

EDITORIAL

O DESENVOLVEMENTO LOCAL E OS PROGRAMAS DE ESCOLAS E OBRADOIROS

OBRAQUEDOBRA

AS BARREIRAS PARA CREAR UNHA EMPRESA

Sumario

Editorial

O desenvolvemento local e o programa de escolas e obradoiros

Tribuna

O Proder II ADR-MAIV

Escolas abertas

Muíños do Picón e do Folón

As diferencias na dirección entre escolas e obradoiros

A inserción laboral a través da recuperación do patrimonio

Obraquedobra

Coloquio sobre a experiencia vivida polos alumnos do Obradoiro de Emprego "Ibermutuamur Galicia"

Os alumnos do Obradoiro de Emprego "Río Verdugo II" opinan sobre o seu traballo

A experiencia dos alumnos do Obradoiro de emprego "Bidueiro II" no momento de crear unha empresa

Apuntamentos

O desenvolvemento local na confraría de pescadores "La anunciada" de Baiona

Notas acerca do retorno actual

landra

Revista informativa

Edita:
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Dirección:
Zara Pousa Arbones

Equipo editorial:
Pilar Barreiro Magdalena
José Búa Gil
Blanca González de la Cuesta
Cristina Lago Martínez
Julio López Walliser
África Marchante Pérez
Silvana Martínez Rodríguez
Leopoldo Pereira Rodríguez
Isabel Pérez Núñez
María José Piñeira Mantiñán
Xulio Troitiño Dapena

Colaboran neste número:
Purificación Ferro Varela
Ramón García Cordobés
Roberto Martínez Formoso
José Ignacio Taboada
Víctor Varela Caride
Rosa María Verdugo Matés
Alumnos O.E. Ibermutuamur Galicia
Alumnos O.E. Río Verdugo II
Alumnos O.E. Bidueiro II

Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Vía da Hispanidade, 17
36203 Vigo

Teléfono: 986 423366
Fax: 986 4714 44

e-mail: updvigo@maiv.org
web: www.maiv.org/upd

Depósito legal: VG-129-2001

Imprime: Tórculo

O desenvolvemento local e os programas de escolas e obradoiros

Editorial

Ata non fai moitos anos as políticas vinculadas ó emprego eran xestionadas exclusivamente polas administracións centrais e autonómicas. Foi a mediados dos anos oitenta cando, coa aprobación dunha nova normativa en materia local que ampliaba as competencias dos concellos, estes adquiriron un maior protagonismo e comezaron a desenvolver unha serie de actuacións integrais. Esta situación obrigoulles a pasar dunha concepción baseada principalmente na realidade urbanística a unha maior preocupación por actuar sobre a actividade económica e social, tratando de maximizar a utilización dos recursos endóxenos. A nova conxuntura determinou o deseño dos chamados Plans de Desenvolvemento Local cuxo obxectivo era a dinamización do territorio a través de estratexias que determinaron a introducción de novas metodoloxías de actuación e unha maior participación dos axentes que interviñan no territorio, implicándoos no deseño das diferentes accións, o que sen dúbida é clave para o éxito destes plans.

Con estes plans o que se pretende, dende que se realizaron as primeiras experiencias, é crear, fortalecer e preservar ó longo do tempo actividades que xeren sinerxias sociais e económicas dirixidas cara aqueles ámbitos que están tendo unha maior problemática, como é o caso do emprego. Sen lugar a dúbida, as decisións que se toman nesta materia teñen máis eficacia se se implementan dende o ámbito local, pois a esta escala tense un mellor coñecemento da realidade, dos problemas e necesidades do cidadán, así como un maior dinamismo e flexibilidade á hora de emprender actuacións.

Centrándonos no ámbito do emprego, calquera actuación de dinamización nesta materia pode partir das directrices establecidas nas políticas activas de emprego promovidas dende a Xunta de Galicia; o seu fin é articular medidas concretas encamiñadas a lograr unha inserción laboral efectiva e, polo tanto, reducir as altas taxas de desemprego existentes nestes momentos na nosa sociedade. Para logralo, necesítanse instrumentos e medidas que aseguren a conveniencia, coherencia e eficacia das actuacións a realizar.

As decisións en materia de emprego teñen máis eficacia se se implementan dende o ámbito local

Dentro destes instrumentos atópanse, entre outros, os Programas de Escolas Obradoiros ou Obradoiros de Emprego que proporcionan formación nun oficio en alternancia coa práctica laboral.



Editorial

A significatividade destes Programas ven dada porque permiten acadar moitos dos obxectivos definidos dentro dun Plan de Desenvolvemento Local: fomento da actividade económica, creación de emprego, mellora dos niveis de formación dos cidadáns, etc.

Os políticos municipais non son alleos a esta realidade, de aí que veñan utilizándoos, dende fai uns anos, para lograr un dobre obxectivo: a realización de obras ou a prestación de servicios de carácter público e social, así como a capacitación dos seus cidadáns cara un acceso ó mercado de traballo con máis garantías.

Neste senso, é básico que previo ó deseño de Plans de Desenvolvemento Local, en xeral, e proxectos de escolas ou obradoiros, en particular, se leve a cabo un diagnóstico das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do ámbito xeográfico no que se van implementar ditas actuacións, o que permitirá coñecer e dar resposta ás necesidades reais do territorio, en definitiva, favorecer o seu crecemento económico sostible. Para este labor é imprescindible contar coa participación dos diferentes axentes sociais que actúan no ámbito municipal. Entre eles destaca a figura do Técnico Local de Emprego (TLEs) ou Axente de Emprego, encargado de promover iniciativas empresariais e articular mecanismos para que a propia administración local actúe como impulsora da creación de emprego no seu contorno.

Non nos debemos esquecer que un proxecto de escola ou obradoiro pode ser promovido non soamente polos concellos, senón tamén por calquera entidade pública ou privada sen ánimo de lucro. Polo tanto, estas deberían coñecer as estratexias que en materia de desenvolvemento local se están levando a cabo e, mesmo ser partícipes dos mesmos co fin de que os proxectos que realicen sexan coherentes coa política de emprego esbozada no ámbito xeográfico no que se enmarquen.

Sen ánimo de ser reiterativos e para concluír, temos que sinalar que calquera entidade que desenvolva un proxecto de escola ou obradoiro debe partir da base de que é necesario coñecer o territorio e adaptar a obra ou servicio a executar ás demandas do mercado, deste xeito a capacitación do alumnado traballador irá acorde cos nichos de emprego, favorecendo a súa posterior inserción laboral tanto por conta allea como propia. A mesma reflexión deberá terse en conta á hora de deseñar un plan de desenvolvemento local, pois o éxito ou fracaso da dinamización dun territorio depende en gran medida da vinculación que o plan teña coa realidade do contorno e as características da poboación á que se dirixen as accións que del se deriven.

O Proder II ADR - MAIV

Víctor Varela Caride
Xerente do Programa Proder II

Nos últimos anos un dos principais obxectivos da Mancomuniade da Área Intermunicipal de Vigo foi desenvolver estratexias de cara a dinamizar os espacios rurais que conforman o seu territorio. Neste senso, no ano 1997 presentou a súa candidatura ó programa Proder que ó longo de tres anos permitiu implementar solucións novedosas a problemas existentes nos concellos rurais da Mancomunidade.

Posteriormente, e coñecedora do Programa Operativo Integrado da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado pola Comisión das Comunidades Europeas, e das axudas convocadas pola Xunta de Galicia en abril do 2002 destinadas á promoción das economías rurais no marco do Programa de Desenvolvemento e Diversificación de Zonas Rurais (Proder II), a Mancomunidade estivo a traballar nun novo proxecto a incluír neste novo programa.

Unha condición *sine qua non* que o Programa establecía era que as actuacións comarcais deberían estar promovidas por Grupos de Acción Local. Deste xeito, xurde a Asociación de Desenvolvemento Rural da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (en adiante ADR-MAIV), con personalidade xurídica propia e na que participan a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, os concellos da mesma (Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Soutomaior e 6 parroquias no caso de Vigo - Beade, Bembrive, Candeán, Saiáns, Valadares e Zamáns-), así como máis de 80 asociacións que operan nese territorio.

Os membros da ADR-MAIV, ademais de organizarse a través da súa Asemblea Xeral, fano participando en diversas mesas sectoriais, en función dos seus propios obxectivos. Na actualidade existen 5 mesas sectoriais: institucional (administracións públicas e asimiladas), muller, promoción económica, medio ambiente, sociocultural e veciñal.

O proxecto presentado polo Grupo de Acción Local ADR-MAIV, foi aprobado o 29 de xullo de 2002 cun orzamento total de 11.511.848,00 euros ó que contribúen o FEOGA (4.329.069,41 euros), o MAPA (1.066.113,93 euros), a Xunta de Galicia (1.066.113,93 euros), a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (721.945,49 euros) e aquelas entidades privadas que queiran levar a cabo algunha actuación.

As liñas directrices nas que se articula son tres e as accións que nelas se inclúen son as seguintes:

- **Liña 1:** Posta en marcha dunha rede rural para o impulso das Novas Teconoloxías da Información e Comunicación (NTICs), desenvolvida a través do fomento do uso das mesmas entre a poboación en xeral e as empresas, facilitándolles instrumentos, medios e asistencia.

- **Liña 2:** Mellora da competitividade mediante o uso das NTICs a través do reforzo das actividades existentes, incidindo nos subsectores agroforestal, turístico e comercial; a creación de novas actividades mediante a potenciación dos sectores que están emerxendo na sociedade, e o reforzo da identidade do territorio, realizando accións de promoción e valorización do recursos.

- **Liña 3:** Creación de servicios de proximidade a través dun proxecto piloto baseado nunha serie de teleservicios económico-administrativos.

Apuntamentos

	Accións	Actuacións	Liñas
1	Creación de 3 centros neurais	Centros de servicios	Rede rural TICs
2	Creación de 9 centros antena		
3	Creación de 2 semilleiros de empresas		
4	Sensibilización de TICs	Familiarización	
5	Axudas á dotación informática		
6	Servicio de asesoramento tecnolóxico	Asistencia tecnolóxica	
7	Programas demostrativos		
8	Modernización do sector agroforestal	Sector agroforestal	Mellora da competitividade
9	Fomento á creación de empresas no sector agroforestal		
10	Modernización do sector turístico	Sector turístico	
11	Fomento á creación de empresas no sector turístico		
12	Consolidación do sector do comercio	Sector comercio	
13	Fomento á creación de empresa en sectores emerxentes	Sectores emerxentes	
14	Desenvolvemento de sistemas de información turística	Promoción do territorio	
15	Fomento dos recursos turísticos existentes		
16	Realización do sendeiro virutal das GREAS		
17	Protección, conservación e recuperación de zonas con valor natural	Valorización do territorio	
18	Sensibilización sobre a protección e conservación do medio natural da Maiv		
19	Recuperación de zonas adxacentes ó sendeiro das GREAS		
20	Servicio web ó cidadán	Teleservicios	Servicios de proximidade

A través do Programa PRODER II non se levarán a cabo directamente accións, senón que se cofinanciarán proxectos promovidos por diversas entidades implantadas no seu territorio de actuación que deberán obedecer ás liñas anteriormente expostas.

Ditos proxectos deberán ser presentados na Oficina de Desenvolvemento Rural (ODR-MAIV) que a Mancomunidade, como xestora do Proder II, creou co fin de deseñar as convocatorias de axudas, avaliar os proxectos, e remitilos, xunto cunha proposta de financiamento, á Xunta Directiva da ADR-MAIV, para a súa aprobación definitiva.

As axudas serán publicadas progresivamente e poderán variar os perfís das entidades peticionarias, os requirimentos documentais, así como as porcentaxes e contías máximas de financiamento ás que se poderá optar.

Muíños do Picón e do Folón

Purificación Ferro Varela
Directora do Obradoiro de Emprego "O Rosal II"

O Concello de O Rosal, situado na bisbarra do Baixo Miño, emprázase entre os concellos da monacal Santa María de Oia, da turística vila de A Guarda e do amplo territorio de Tomiño.

A súa paisaxe de monte e verde campiña, metade fluvial e metade marítima, co río Miño e Portugal ó lonxe ofrece recunchos para o deleite nas vertentes dos montes, na mesma costa Atlántica e nos seus ríos. Pequenas montañas conforman o val de O Rosal, que remata nas praias fluviais das Eiras, Tabagón e San Miguel.

Conta este concello con importantes restos arquitectónicos de muíños, construídos e explotados, desde o século XII, polo señorío eclesiástico e a nobreza desta zona mediante foros, e polos monxes do mosteiro de Oia, sendo únicos e excepcionais os emprazados nun salto de auga na ladeira do Monte "Campo do Couto" (nos barrios de Martín e Fornelos), e coñecidos popularmente na zona por "Muíños do Folón e do Picón", declarados Ben de Interese Cultural (B.I.C.), con categoría de lugar de interese etnográfico pola Consellería de Cultura.

Os muíños diferéncianse non só polo tipo de producto que moen senón tamén pola enerxía que empregan, deste xeito atopámonos con muíños que moen gran, olivas, cortiza, xofre, chumbo, etc. e empregan como enerxía o vento, a auga ou elementos manuais.

No conxunto de Muíños do Folón e do Picón, 36 e 24 muíños respectivamente, a maioría moen gran, aínda que existe algún de xofre, aproveitando todos eles a corrente de auga para moer a través de cubos.

Os seus muros están construídos en pedra, pola súa resistencia e abundancia na zona, empregando maioritariamente a cachotería dado o seu mellor resultado e o menor custo. As cubertas teñen unha armazón de madeira sinxela onde van asentadas as tellas do país.

O acceso a este conxunto de inmellorables vistas, faise ben por camiños de pé ou por camiños de carros ou corredoiras, debidamente sinalados como rutas de sendeirismo, que actualmente está a ofertar o concello de O Rosal con guía.

Do conxunto dos 60 muíños do Folón e do Picón as propiedades destes varían, dado que algúns son de herdeiros e outros de maquía, por este motivo a súa dedicación variaba entre a moenda propia, allea ou arrendado por horas. Dun ou doutro xeito a reunión de persoas en torno a estas construcións debían ser numerosas desempeñando polo tanto unha labor no só económica senón tamén social, sendo un centro de cultura popular: a conversa sen apuros, relacións furtivas, cancións e foliadas, etc. e inestimables testemuñas do pasado máis recente deste concello do Baixo Miño.

Escolas abertas

A súa situación é única, descubrindo coa visita á zona un lugar de incommensurable beleza onde a auga a pedra e a vexetación fan inesquecible a visita.

O Obradoiro de Emprego "O Rosal II", promovido polo concello de O Rosal e subvencionado pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e o Fondo Social Europeo, iniciouse o 28 de decembro do ano 2002, coa finalidade de formar e favorecer a posterior inserción laboral de corenta e oito persoas desempregadas maiores de 25 anos, nas especialidades de albanelería, cantería, carpintería e xardinería (habendo 12 alumnos en cada un dos módulos).

As obras por medio das que os participantes adquirirán a correspondente formación e experiencia profesional, co obxectivo da súa ulterior inserción no mercado de traballo, son:

- ***Restauración dos Muiños do Picón:***

Recuperación dos 10 últimos muíños dos 24 totais do conxunto de Muíños do Picón, respectando a morfoloxía orixinal, empregando materiais tradicionais, e facendo unha intervención totalmente respectuosa co medio ambiente. Tamén se está a traballar no senso de rematar as dúas tramas que percorren o solo neste contorno, e que veñen constituídas polos vieiros peonís e os canles natural e artificial das augas.

- ***Restauración do Muíño dos Pixorros:***

Proposta singular na que se pretende a restauración do muíño para o seu uso como centro etnográfico, reforzando os seus muros, reparando o solo e a cuberta, substituíndo tellas e impermeabilizando, aportando novas carpinterías para conformar un espacio compositivo novo no Concello de O Rosal.

- ***Acondicionamento da primeira planta do novo Centro de Formación Ocupacional:***

O proxecto contempla a distribución dun espacio actualmente lóbrego en aulas, oficinas e aseos, xunto co remate do porche exterior e do acceso para diminuídos físicos a través dun ascensor.

A formación que se imparte no seno do proxecto ten un carácter eminentemente práctico, intentando responder a unha formación integral do alumnado traballador, a través do coñecemento do oficio, tendo por obxectivos a adquisición das prácticas habituais, e unha formación teórica, destinada a completar o traballo de obradoiros, e outra denominada complementaria, que neste obradoiro se está a levar a cabo coas materias de graduado escolar, iniciación á informática e técnicas de busca de emprego e xestión empresarial.

Así mesmo e tendo en conta que o obradoiro de emprego se concibe como un axente dinamizador sociocultural da zona, estanse a levar a cabo dende o seu inicio unha serie de actividades de carácter divulgativo, para dar a coñecer o funcionamento e obxectivos do mesmo, como son charlas-coloquio, xornadas sobre seguridade e hixiene, prevención de drogas, etc.

As diferencias na dirección entre escolas e obradoiros

Ramón García Cordobés
Director do Obradoiro de emprego "Ecolalín II"

No ámbito da formación ocupacional e a formación para o emprego atopamos uns programas, nos que moitos dos que temos a sorte de traballar neles cremos, que son os proxectos de Escolas Obradoiro (EO) e Obradoiros de Emprego (OE).

Respecto as Escolas Obradoiro, que xa levan funcionando na nosa Comunidade Autónoma dende o ano 1985, teñen moita máis rodaxe que os Obradoiros de Emprego, que iniciaron a súa andaina no ano 2001 despois de ser experimentados noutras comunidades do estado español.

As Escolas Obradoiro que levan funcionando na nosa Comunidade Autónoma dende o ano 1985, teñen moita máis rodaxe que os Obradoiros de Emprego que iniciaron a súa andaina no ano 2001, despois de ser experimentadas noutras comunidades do estado

Neste artigo, intentarei plasmar algunhas diferencias entre eles:

Para comezar, hai que dicir (como todos xa sabedes) que a primeira diferencia está en que as escolas duran entre un e dous anos, diríxense a persoas desempregadas menores de 25 anos e o tempo de traballo en obra é dun 50% do total do proxecto. Mentres que os obradoiros duran como máximo un ano, son para persoas desempregadas maiores de 25 anos e realizan entre un 70-80% de traballo en obra.

Outra das diferencias, que pódese converter en problema, é que, polo xeral, nos proxectos de EO se adoitan completar as horas para poder expedir ó completo o certificado de profesionalidade da especialidade na que se participa, cousa que non sempre pode dicirse dos OE (debido a súa menor duración).

Á marxe da duración de tempo en obra de cada un dos proxectos, temos que dicir que un proxecto de obradoiro ten moita máis rendibilidade no traballo que as escolas, xa que nun día realízase dous ou tres veces máis traballo que nunha escola.

A nivel de titorías, o traballo nas Escolas Obradoiro vai máis encamiñado a conseguir que o alumnado adquira hábitos de traballo e de responsabilidade, e a mellorar a súa conducta e educación, e nos proxectos de Obradoiros de Emprego o énfase hai que poñelo no apoio docente de cara a adecuar as clases teórico-prácticas ó alumnado traballador.

Escolas abertas

É dicir, no proceso de formación a persoa encargada da titoría e o docente deben preocuparse moito mais, por unha banda, de se o alumno está entendendo a explicación, así como incidir na relación e a importancia que teñen os contidos teóricos para realizar máis tarde un traballo profesional, e, pola outra, de aumentar a autoestima e o autoconcepto dos mesmos escoitándolles activamente.

É importante, tamén, darlles ferramentas técnicas básicas e de procesos para poder desenvolver perfectamente o seu traballo cando estean noutra empresa, e tamén coñecementos de dereitos e deberes laborais e de prevención de riscos laborais, coa pretensión de valorar o que está mal ou ben e que mellorar en cada situación.

Se queremos falar dos participantes dunha escola, diremos que son mozos que adoitan ter mellor nivel académico que os dos obradoiros, cando rematan o proxecto aceptan a maioría de traballos que se lles oferta e soen ser xente que tes que controlar moito se queres que os traballos se realicen. E se falamos dos obradoiros diremos que son persoas con moita máis madurez que os anteriores, o seu nivel académico é máis baixo -xa que moitos deles (sobre todo no rural) non puideron cursar a escolaridade básica-, e máis en contraposición co alumnado das escolas, hai que mencionar que teñen moito interese por aprender e son máis responsables.

Os participantes dunha escola obradoiro son mozos que adoitan ter mellor nivel académico que os dos obradoiros de emprego, mentres que éstes últimos soen ser persoas que teñen máis interese, madurez e responsabilidade

Por último faise necesario mencionar, que como norma xeral, as relacións que se establecen entre o alumnado traballador e as persoas que se encargan da docencia deben adquirir un rol máis de profesor nas escolas obradoiro, e pola contra máis de compañeiro e orientador nos obradoiros de emprego, sempre sen esquecer que o exemplo é a mellor arma na maioría dos procesos de formación.

A inserción laboral a través da recuperación do patrimonio

José Ignacio Taboada
Director do Obradoiro de emprego "A Estrada IV"

A Estrada, concello do interior de Galicia a cabalo entre as provincias de Pontevedra, Ourense e A Coruña, ten unha extensión de 281,8 km2 e unha poboación de 22.456 habitantes, distribuídos entre 51 parroquias e 465 lugares, que o converten no municipio con maior número de núcleos rurais de todo o Estado.

Como en outros moitos concellos do interior galego, a emigración, a baixa natalidade ou a falta de oportunidades, son problemas que tiveron como consecuencia que a poboación máis nova fose progresivamente descendendo. Con isto, as antigas escolas unitarias das parroquias, 54 no Concello, desaparecen como tais, e os seus locais pasan a formar parte do Concello.

Progresivamente, os antigos centros escolares van sendo solicitados por parte das asociacións e organizacións de veciños, que ven neles a oportunidade de poder contar cunha sede social na que desenvolver as súas actividades.

O concello, pola súa parte, os vai incorporando ó seu patrimonio, a maioría deles en condicións semiruinosos, pero sen capacidade económica para mantelos, e moito menos para acondicionalos.

Paralelamente, a administración local conta cos datos de desemprego no concello, e é consciente do grande número de persoas maiores de 25 anos, fundamentalmente mulleres, que se encontraban nos programas de procura de emprego nos Servicios Sociais do Concello e dadas de alta no INEM como demandantes de formación e emprego.

E é precisamente neste contexto no que xurde o Obradoiro de Emprego, despois da experiencia adquirida co funcionamento de tres distintas Escolas Obradoiro. O Obradoiro ven a ser a estratexia adoptada polo equipo municipal de goberno para buscar solución a ambos problemas.

Por unha parte, dar unha oportunidade, ata entón inexistente, a dito colectivo de desempregados, ó que se proporciona unha formación práctica moi difícil de obter doutro modo; e por outra acometer o acondicionamento dunha serie de instalacións do seu patrimonio cuxa recuperación vai reverter despois directamente nos veciños, que doutro modo, ou polos seus propios medios, non poderían ter acceso a locais nos que desenvolver as súas actividades.

Escolas abertas

Moi pronto compróbase que o sistema ideado é altamente valorado polo colectivo de desempregados ó que se dirixe, como demostra o feito de que por cada praza ocupada conte con 3 suplentes na espera da súa oportunidade. Ademais da obvia oportunidade de traballo e formación, hai un terceiro compoñente a ter en conta no éxito do Obradoiro, que é o da motivación polas labores que nel se desenvolven.

E é que o esforzo dos alumnos, na súa maioría procedentes do entorno do rural, diríxese precisamente á recuperación de edificacións e elementos que senten como da súa propiedade, moi próximo a eles, dado que forman parte da paisaxe da súa propia infancia e mocidade nas parroquias.

O Obradoiro iniciou a súa actividade o 26 de decembro de 2002, cun total de 60 alumnos/traballadores, 43 mulleres e 17 homes. Imparte as especialidades de construcción; carpintería; fontanería e electricidade; e xardinería e medio ambiente, contando todas elas con grupos de 15 alumnos.

Dentro do seu programa formativo, o Obradoiro intervén en dous proxectos, a recuperación e acondicionamento de antigas Escolas Unitarias enclavadas en diversas parroquias do concello para o seu uso social; e a peonalización e supresión de barreiras arquitectónicas no entorno da Casa Consistorial.

Nas antigas escolas, a intervención leva consigo actuacións de recuperación de todo tipo. Os módulos que interveñen son fundamentalmente os de electricidade e fontanería, para a modernización de instalacións eléctricas e de saneamento; carpintería, para a fábrica do mobiliario básico, como mesas ou andeis, e a restauración de portas e xanelas; e xardinería, para a limpeza, amaño e ornamentación dos terreos adxacentes ás edificacións.

Pola súa parte, a intervención no contorno da Casa Consistorial consiste no levantamento dunha fonte de grandes dimensións; a pavimentación con pedra da zona situada fronte á fachada da mesma, co obxectivo de eliminar o tráfico rodado e recuperala para os peóns; e a eliminación das barreiras arquitectónicas no conxunto da praza. Interveñen neste caso todos os módulos do Obradoiro, aínda que principalmente os de albanelería; electricidade e fontanería, que se responsabilizan do saneamento e iluminación; carpintería, para bancos, xogos e testos; e xardinería, para acondicionamento e ornamentación das zonas verdes.

Se nas escolas unitarias a motivación é a de recuperar vellas instalacións parroquiais intimamente unidas á historia de A Estrada rural, no caso do centro da vila ven de ser protagonista dun troco moi significativo da paisaxe e os costumes que vai significar a obra, e a responsabilidade que significa unha intervención como a descrita, con 1.000 metros cadrados de lastrado.

Os alumnos do Obradoiro de Emprego "Ibermutuamur Galicia" conversan sobre distintos aspectos deste novedoso proxecto

"O mellor de todo é a xente que coñeces"

Obraquedobra

O obradoiro Ibermutuamur Galicia, que comezou o 19 de decembro de 2002, non é como os que en xeral adoitamos ver debido a unha serie de singularidades como pode ser o feito de que a entidade promotora non é un ente público senón unha mutua (Ibermutuamur), os alumnos parten dun nivel de estudios mínimos de FP II (varios participantes no proxecto contan con estudios universitarios) e son discapacitados físicos, ó tempo que a formación focalízase cara o ámbito da prevención de riscos laborais co fin de obter o título de Técnico Intermedio de Riscos Laborais.

Para dar a coñecer a súa experiencia e a utilidade que pode ter este obradoiro de emprego de cara a unha futura inserción laboral, que é o eixo sobre o que se fundamenta todo o proxecto, os alumnos traballadores estableceron un coloquio no que interviñeron as seguintes persoas: Carlos Pampillón Diéguez, que fixo as veces de coordinador da charla, Mercedes Blanco (trinta e dous anos e transplantada de fígado), Alejandra Sixto (vintenove anos e con parálise cerebral) e Teresa Méndez (corenta e dous anos e cunha ortodesis de tibia e peroné)

Obraquedobra

“iniciativas coma esta, axudan á inserción de persoas que ou ben poden estar un tanto descolocadas, ou ben perderon o seu traballo nun accidente laboral”

Carlos: No meu caso, cando a mediados do pasado mes de Decembro, tiven a posibilidade de aumentar a miña formación cun curso de técnico intermedio en prevención de riscos laborais, non tiña moi claro en que consistía o traballo de prevencionista e cal era a aplicación práctica da prevención.

Sete meses máis tarde, xa co título de prevencionista intermedio no peto e a piques de iniciar o noso período de prácticas en empresas, a miña visión sobre a importancia da seguridade no traballo mudou radicalmente. Son moitas as vidas que se perden por non facer as cousas dun xeito adecuado, de aí a importancia da figura do prevencionista.

No Obradoiro de Emprego de Ibermutuamur-Galicia en Vigo, trinta alumnos que temos en común o formar parte do colectivo de discapacitados aprendemos a desenvolver as tarefas propias dos especialistas en riscos laborais, ó tempo que intercambiamos experiencias e trabamos entre nós un sentimiento de profundo respecto e amizade.

Pero vexamos o que opinan os meus compañeiros:

¿qué opinades do obradoiro como ferramenta de inserción laboral?

Mercedes: o obradoiro é unha experiencia moi positiva, xa que nos permite acadar un título que está moi solicitado. A prevención é unha profesión que está moi de moda e ademais recibimos formación noutra serie de materias complementarias que poden resultar moi útiles.

Alejandra: paréceme moi ben, xa que, iniciativas coma esta, axudan á inserción laboral de persoas que ou ben poden estar un tanto descolocadas, ou ben perderon o seu traballo debido a un accidente laboral.

Teresa: é algo que habería que facer máis a miúdo pois ofrécelle unha oportunidade laboral a persoas que mostran certas inquedanzas, neste caso, no campo da prevención.

Carlos: ¿Qué vos parece o funcionamento do obradoiro de emprego e que destacariades del?

Mercedes: o feito de ter unha serie de actividades como pode ser a psicoloxía, para saber de que pé coxea cada un, é moi interesante e complementa ademais a nosa formación.

Alejandra: poderíanse aumentar o número de materias, ou ben elevar o nivel de coñecemento das que xa se imparten.

Teresa: eu destacaría a motivación e axuda que ofrecen ete tipo de obradoiros.

Carlos: ¿cales credes que poden ser as saídas laborais a raíz dos coñecementos adquiridos no obradoiro de emprego?

Mercedes: coñecementos temos todos, o problema está en levalos á práctica. De tódolos xeitos é posible que o aquí aprendido nos abra algunhas portas á hora de atopar un traballo.

Alejandra: este curso vaime axudar a atopar un traballo no que as expectativas sexan máis altas.

Teresa: está claro que nos vai a ampliar o campo á hora de afrontar unha futura busca de traballo.

Canta máis formación posúas, máis posibilidades tes de reinsertarte laboralmente..

Carlos: ¿preocúpavos o feito de formar parte do colectivo de minusválidos, onde as dificultades de inserción laboral están á orde do día?

Mercedes: a situación actual non é fácil, os empresarios tenden a pensar que unha persoa cunha minusvalía é alguén que vai faltar ó traballo, que non vai dar todo o que poida no seu posto,... e, por estas razóns, é moi difícil insertarse laboralmente.

"a situación actual non é fácil, os empresarios tenden a pensar que unha persoa cunha minusvalía é alguén que vai faltar ó traballo, que non vai dar todo o que poida no seu posto..."

Alejandra: a situación está bastante mal porque hai moi poucas oportunidades e, ademais, a xente aínda non entende moi ben o que é un minusválido e para que serve, por dicilo dalgún xeito.

Teresa: atopar traballo está moi difícil porque hai moita demanda e, loxicamente, é máis complicado para persoas con algún tipo de hándicap como poden ser os discapacitados.

Por último cabe destacar que todos os entrevistados salientaron o gran ambiente que se formou ente o alumnado e que Mercedes resumiu dicindo "a convivencia cos compañeiros quizais foi o mellor xa que, aínda que somos todos moi diferentes, conxeniamos moi ben entre nós".

Obraquedobra

Os alumnos do Obradoiro de Emprego "Río Verdugo II" opinan sobre o seu traballo

A ilusión compensa a falla de experiencia

Digna Diz Rivera
Mª Clara Pazos Mariño
Alumnos de albanelería do OE "Río Verdugo II"

O obradoiro é unha gran oportunidade para todas as persoas que nel participamos, ademais dunha ocasión única de aprender un oficio á nosa idade e abrir novas portas ó mundo laboral. Entre outras cousas, no proxecto está a construcción dun bar restaurante na praia fluvial, a remodelación da paisaxe da zona e un paseo peonil paralelo á calzada.

Ó principio é certo que nos fallaba a experiencia pero compensámolo coa gran ilusión que puxemos. O período de adaptación custou un pouco debido á diferencia de idade e á diversidade de caracteres que existe entre nos, e tampouco nos podemos esquecer de que en moitas ocasións non foi fácil chegar a ter unha boa relación co profesor, aínda que, hoxe por hoxe, pódese dicir que todos os problemas do principio están superados.

No desenvolvemento do obradoiro, non nos esquecernos de todos aqueles que por diferentes motivos non lograron sacar o graduado escolar, xa que aquí se lles brindou unha segunda oportunidade contando coa axuda dun profesor. Ademais, de dispor dunha profesora de debuxo técnico e outra de orientación laboral.

É un orgullo para todos nós ver o traballo realizado e poder dicir que fomos nós, coa axuda dos profesores, os que o levamos a cabo.

Se tiveramos que resumilo, diríamos que nos sentimos orgullosos dos obxectivos alcanzados e que foi para nós unha gran experiencia o formar parte deste proxecto que remata a finais de ano, e do que esperamos poder alcanzar todos os obxectivos que nos propuxemos ó inicio.

Necesítase tempo para perfeccionarse

Ana Mª Diz López
Luciano Seoane Franco
Alumnos de cantería do OE "Río Verdugo II"

Somos un grupo de 12 alumnos, dous homes e dez mulleres, todos maiores de 25 anos, que formamos parte da especialidade de Cantería.

A nosa primeira experiencia foi a finais de decembro no obradoiro, ensinándonos o monitor o nome das ferramentas e o seu correcto manexo. Os primeiros días tamén nos serviron para coñecernos entre nós. Aínda que todos somos do mesmo concello, a maior parte non nos coñecíamos, pero así e todo a integración foi doada.

Ó pouco tempo comezamos a facer traballos na pedra coas explicacións do monitor, xerais para todos, e logo cada un realizou unha moldura diferente. Unha vez rematada a aprendizaxe básica empezamos a involucrarnos con ilusión e ganas no proxecto do obradoiro, máis en concreto na especialidade de cantería que nos correspondía. O máis importante a realizar era a recuperación da marxe do Río Verdugo, coa restauración e construcción dun muro para un paseo fluvial, así como a construcción dunha fonte nos xardíns municipais G. Carballal, onde xa había unha redonda de formigón que, despois de varias ideas no obradoiro, chegouse ó consenso de facer unha octogonal de pedra levando esculpidas nas catro caras exteriores unha troita, que a finais de maio é a Raíña das festas da Vila.

Para nós, formar parte destes proxectos no obradoiro é moi importante e positivo, xa que neles aprendemos moitas cousas das cales non tiñamos idea. Tamén foi unha experiencia positiva as clases teóricas en xeral, lembrando cousas que xa tiñamos esquecidas do colexio.

Agora que xa estamos chegando ó remate do obradoiro comezamos a sentir mágoa porque parécenos que para perfeccionarnos necesitaríamos máis tempo. Ademais, imos deixar atrás a relación diaria e a convivencia cos compañeiros e o monitor, que é un compañeiro máis pola boa relación que tivo dende o principio con nós.

Obraquedobra

A experiencia dos alumnos do Obradoiro de emprego "Bidueiro II" no momento de iniciar un proxecto empresarial

As barreiras para crear unha empresa

José Manuel Orio Ibarrondo
Alumno traballador do OE "Bidueiro II"

Como alumno traballador do Obradoiro de Emprego Bidueiro II, quero facer mención que todos os problemas para iniciar a miña actividade de fontanería como traballador individual desapareceron a todos os niveis, pois desde o propio obradoiro de emprego, a través da súa orientadora (Elvira Fernández), a Fundación Erguete-Integración, así como a Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade de Vigo alisáronme o camiño, axudándome a realizar o plan de empresa, a tramitar as subvencións, etc.

"Un só organismo debería aglutinar a tramitación de tódalas axudas"

Pero para recorrer este camiño si teño que facer referencia ós seguintes aspectos:

- A falta de coordinación dos diversos organismos ós que cursei diferentes peticións de "subvencións". Considero que o ideal sería que un só organismo se encargase de aglutinar todos os aspectos no que se refire a subvencións, axudas, etc. Así nos evitaríamos o posible desánimo que ocasiona a peregrinaxe ós distintos organismos, tendo en conta que como no meu caso particular non dispoño dos coñecementos necesarios para actuar a estes niveis.

Un grande escollo é ter que pagar o seguro de autónomos, pois penso que esta máis que "demostrado" que o primeiro ano é o mais difícil xa que é a posta en marcha da actividade empresarial e sería de recibo que durante ese ano non se pagase o seguro de autónomos, o cal debería entenderse como unha "subvención máis".

O apoio do obradoiro Bidueiro II e da fundación Érguete foi fundamental

Oscar Langarica Vázquez
Manuel Iglesias González
Alumnos traballadores do OE "Bidueiro II"

Temos que sentirnos agradecidos e contentos co obradoiro de emprego Bidueiro II polas axudas que recibimos á hora de decidir crear o noso propio posto de traballo.

Desde un principio vímonos apoiados pola orientadora laboral do obradoiro: levounos todo o papeleo, desde o tema das subvencións, ata o plan de empresa e toda a documentación pertinente para crear unha empresa, polo que non atopamos dificultades para orientarnos nese aspecto. Tamén nos proporcionaron apoio á hora de realizar e distribuír a publicidade da actividade, por medio de cartas de presentación, tarxetas de visita e modelos de orzamento, aportando eles o material necesario para executalos.

Así mesmo a propia Fundación Érguete-Integración, promotora do obradoiro, colaborou con nos prestándonos as instalacións.

Pero a pesar deste apoio nos atopamos con dificultades á hora informarnos xa que existe pouca documentación por medio de folletos, ademais de ter que pagar os seguros da empresa xa que fanse un pouco custosos, sobre todo ó comezar: o diñeiro do cal se dispón é para gastos.

Apuntamentos

O desenvolvemento local na confraría de pescadores "La anunciada" de Baiona

Roberto Martínez Formoso
Técnico local de emprego da
Confraría de pescadores "La Anunciada" de Baiona

O meu posto de traballo como Técnico de Emprego, na Confraría de Pescadores "La Anunciada" de Baiona e traballando tamén para o Concello de Baiona como técnico local , permitiume desde fai xa dous anos, un contacto directo cun sector, o do mar, que á par de ser un dos sectores punteiros da economía de toda a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, ten un gran potencial de desenvolvemento en varios niveis, tanto desde o punto de vista da xeración de novas iniciativas empresariais derivadas, como no das actuacións levadas a cabo no campo da formación.

Ó desempeñar o meu posto de traballo na propia Confraría, aínda que parte da xornada laboral semanal a paso no concello, posibilitoume un coñecemento do sistema organizativo, xurídico, económico e social da pesca de baixura, nun porto pesqueiro de tamaño medio, ó que doutro xeito tería pouco acceso.

Dentro das tarefas a realizar no meu traballo diario, de conformidade coas directrices do Sr. Patrón Maior, encomendóuseme da xestión da formación e do emprego na propia institución. Unha das preocupacións do Patrón Maior foi a de xestionar a maior cantidade posible de accións de formación, de xeito que as persoas mariñeiras, mariscadoras, percebeiras que o solicitasen, tivesen unha maior posibilidade de acceso a cursos, que aínda que maioritariamente fosen do sector do mar non foran os únicos.

"A formación é unha das grandes preocupacións do Patrón Maior"

Así, a miña tarefa neste campo consiste na busca de recursos formativos, xa sexa a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ou de Formación Continua a través dos sindicatos, e centros de formación do concello..

Ó longo do ano 2002 realizáronse 16 cursos, dos que se beneficiaron arredor de 130 persoas directamente relacionados co mar (curso de manipulador operador de productos pesqueiros, curso de patrón costeiro polivalente, curso de competencia de mariñeiro). A estes cursos temos que engadir un de prevención de riscos laborais, que posibilitará ás persoas mariñeiras a obtención do título de delegado de prevención en riscos, e outro de informática básica para mariscadores, que é unha actividade novidosa, pois facilita unha posta en contacto coas novas TICs a un colectivo que pola idade (a media das mariscadoras é de 50 anos) non tivo ata esta data un contacto con elas. Estes cursos estanse realizando actualmente na aula de formación da Confraría.

A creación de empresas nun concello como Baiona, eminentemente turístico, pasa polo sector servicios. Así das máis de oitenta consultas sobre asesoramento empresarial realizadas dende o ano 2001, data da miña incorporación ó posto, viron concluída a súa iniciativa empresarial con éxito 10 empresas e outras 5 están agora mesmo cos trámites de constitución. Destacaría pola súa importancia a Casa de Turismo rural San Lourenzo, primeira casa de turismo rural de Baiona, cualificada como ILE pola antiga Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, e o Centro de Fisioterapia Erizana, Sociedade Cooperativa Galega, que pola novidade das actividades e a ocupación de novos nichos de mercado merece mención especial.

Por outra banda, dentro das actividades derivadas do sector mariño, en sentido estricto, a Agrupación de Mariscadoras da Confraría de Pescadores, ten a intención de por en funcionamento unha depuradora para o tratamento do molusco recollido (principalmente a ameixa nas variedades de fina, babosa ou reloxio). Coa posta en marcha desta iniciativa empresarial, as mariscadoras poderían facer elas mesmas o proceso de depuración do marisco, co que se aforrarían os custes derivados dese proceso que ata agora levan realizando de modo externalizado fora da Confraría e que suporía unha fonte alternativa de ingresos para un sector como o das mariscadoras que non traballa todos os días do mes, senón por quincenas, coincidindo coas datas de apertura das praias pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

“En Baiona a creación de empresas pasa polo sector servicios”

A pesares do duro golpe sufrido este ano, consecuencia do accidente do petroleiro Prestige, que supuxo a paralización da pesca na comunidade autónoma durante catro meses, e a incerteza respecto ó impacto no medio ambiente e no recurso, as persoas mariñeiras e mariscadoras encaran o futuro cun certo optimismo.

Apuntamentos

Notas acerca do retorno actual

Rosa María Verdugo Matés
Economista

Con este artigo preténdese analizar un fenómeno de gran importancia para o país galego: a emigración. De entre todos os aspectos que podemos tratar centrarémonos nun de vixente actualidade: o retorno, isto é, o regreso dos emigrantes (e das súas familias) ao seu lugar de orixe. Para cumprir este obxectivo, aportamos os últimos datos relativos ó fluxo de retornos e, a seguir, tentamos resumir os principais problemas aos que se enfrontan os emigrantes retornados.

Como é sabido, desde o século XIX a emigración é un dos trazos máis característicos da historia de Galiza. O subdesenvolvemento económico do país galego e o proceso de crecemento experimentado nos países de América do Sur -na primeira metade do século XX- e nas economías de Europa Occidental -tras a finalización da II Guerra Mundial- explican que Galiza estea entre os primeiros postos de países europeos con maior porcentaxe de traballadores fóra dos seus límites político-administrativos. Nese sentido, estímase que, na actualidade, case un millón e medio de galegos (excluídas as segundas xeracións) están a residir no estranxeiro. Como resultado dese pasado emigratorio, Galiza atrae na actualidade a un gran número de emigrantes retornados. Así, segundo datos da Dirección General de Ordenación de las Migraciones a nosa comunidade recibiu no ano 2002 un total de 10.050 retornos, ou sexa, o 20% do total do Estado español, o que nos sitúa no primeiro posto en relación á recepción de emigrantes retornados.

Ata o 2000 volvían máis emigrantes de Europa que de America

Se atendemos ao continente de orixe, dos emigrantes que regresaron a Galiza no ano 2002, o 60% procedía de América (principalmente, de América do Sur) e o 39% de Europa, correspondendo o 1% ao resto de continentes. Agora ben, o maior peso da corrente americana é recente, xa que ata o ano 2000 o volume de emigrantes galegos que volvía de Europa superaba o que viña de América. De considerarmos a provincia de destino, A Coruña e Pontevedra concentran o 75% dos retornos da Galiza; en concreto, dos 10.050 retornos do ano 2002, 4.321 tiveron como destino A Coruña e 3.538 Pontevedra. A provincia de A Coruña supera todos os anos á de Pontevedra, mais é salientable sinalar que, en relación ao número de retornados de América do Sur, Pontevedra equipara (e nalgúns anos supera) á provincia de A Coruña. Así, dos retornos que proceden de América do Sur, no ano 2002 A Coruña contabiliza 2.331 e Pontevedra 2.313.

Estes datos son reveladores da importancia que ten o fenómeno do retorno no noso país. Aínda así, debemos salientar que, entre as asociacións que traballan cos emigrantes retornados, hai consenso en considerar que as estatísticas oficiais infravaloran o número de retornos. Segundo estas asociacións, por unha parte, existe un colectivo que regresa sen a correspondente baixa consular ou que realizou traballos no exterior sen o permiso necesario, polo que non se rexistrou no consulado nin cando chegou nin cando marchou; por outra, habería que sumar ao número de baixas consulares os membros da unidade familiar que, por carecer de nacionalidade española, non se dan de baixa no consulado.

Entre os emigrantes retornados existen grupos claramente diferenciados

Cando falamos dos retornados, debemos diferenciar entre os procedentes de países europeos e os procedentes de países de América do Sur. O motivo desta división radica nas diferentes razóns que cada un destes grupos ten para regresar e nas diverxentes condicións económicas e sociolaborais nas que chegan uns e outros. En termos xerais, o retornado europeo decide volver a Galiza unha vez que alcanza a súa idade de xubilación; normalmente, a súa pensión posibilítalle levar un nivel de vida que incluso está por riba da media dos pensionistas galegos. Sen embargo, o retornado americano volve, principalmente, para escapar da situación de crise económica e de inestabilidade política e social que, nos últimos anos, afecta á maior parte dos países de América do Sur. A título indicativo, o estalido da crise económica en Arxentina fixo que o número de baixas consulares rexistradas nese país pasaron de 2.847 no ano 2000 a 6.539 no ano 2001.

Á súa vez, dentro dos emigrantes retornados que proceden do continente americano, existen grupos claramente diferenciados. De atendermos á súa idade, podemos distinguir entre os maiores de 65 anos (polo tanto, xubilados) e os menores desa idade (en principio, poboación potencialmente activa). O trazo característico do primeiro colectivo é a súa precaria situación económica, xa que, na maioría dos casos, as súas pensións se sitúan entre os 40 e os 70 euros mensuais. Mellorar a situación deste colectivo é un labor tan necesario como difícil; isto é así porque, para poder acceder a unha pensión contributiva, o retornado debe demostrar que traballou nos últimos seis anos un mínimo de doce meses, requisito este que, dada a situación dos países de procedencia do emigrante, é difícil de xustificar; ademais, para ter acceso a unha prestación non contributiva, o emigrante debe ter un mínimo de dous anos de residencia no territorio español.

Un dos principais obxectivos do colectivo de menores de 65 anos é conseguir un traballo. Este obxectivo está máis especificado no caso dos retornados de primeira xeración, máis cualificados cós seus país, que manifestan o seu desexo de poder desenvolverse profesionalmente de acordo co seu nivel de estudios; sen embargo, a elevada taxa de desemprego de Galiza obrígaos a aceitar traballos moi por baixo da súa formación. Outros problemas relacionados coa inserción laboral deste colectivo son a idade (moitos deles superan os 40 anos) e a homologación dos seus títulos académicos (proceso lento e custoso).

A información incompleta coa que chegan os emigrantes retornados inflúe tamén negativamente na súa inserción sociolaboral. Así, os retornados de primeira xeración teñen que solicitar a nacionalidade española no Rexistro Civil, trámite que demora ata seis meses e, durante ese tempo, a persoa está nunha situación de ilegalidade, feito que, entre outras cousas, lle imposibilita para traballar. Os retornados de segunda xeración teñen que ter o visado do seu país para adquirir a nacionalidade española; sen embargo, moitos deles veñen sen ese documento e, ademais, non dispoñen de medios económicos para poder regresar ao seus país e solicitalo.

Outros elementos diferencian o retorno europeo do americano. Os emigrantes galegos en Europa mantiveron máis contacto coa súa terra, xa que viaxaron coas súas familias unha ou dúas veces por ano ao seu lugar de nacemento, e isto facilita a súa integración (e a dos seus familiares) tras o retorno, mentres que un importante número de retornados procedentes de América son fillos ou netos de galegos, e nunca tiveron contacto directo con Galiza, feito que dificulta tremendamente a súa integración na sociedade galega.

UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

landra

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Fondo Social Europeo